

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO EXAMEN

De conformidade coas bases, o primeiro exercicio constará de varias probas tipo test que permitan avaliar de maneira obxectiva as capacidades dos aspirantes referidas ao razoamento en xeral, a memoria e a atención, así como aspectos máis específicos, como a aptitude verbal, numérica e espacial e que se realizarán como se indica de seguido:

- A. Entregarase a cada persoa aspirante o seguinte material:
- 1.- Folla de respostas do exame con instrucións para completala e instrucións traducidas para o castelán.
 - 2.- Caderno para a proba de memoria visual.
 - 3.- Caderno de preguntas.
- B. Cando o tribunal o indique, as persoas aspirantes collerán a folla de respostas do exame e completarán os seus datos persoais, especialmente o DNI.
- C. Unha vez completados os datos persoais, o tribunal indicará que identifiquen o caderno titulado «Memoria visual» e que, sen abrilo, o sitúen na parte central da mesa.
- D. A proba de «Memoria visual» consistirá en memorizar imaxes e os datos asociados a elas. Disporán de 8 minutos, dende que o indique o tribunal, para memorizar eses datos. Unha vez transcorrido ese tempo, pecharán a folla da proba de memoria visual e situarana, boca abaixo, na esquina superior esquerda da mesa para que lles sexa retirada. O incumprimento destas regras suporá a expulsión do exame.
- E. Unha vez retirada a folla da proba de memoria visual, e cando o tribunal o indique, as persoas aspirantes poderán abrir o caderno de preguntas, momento no cal darán comezo os 52 minutos para a realización do exame. O caderno de preguntas está redactado tanto en galego como en castelán. As primeiras 25 preguntas do caderno serán referentes á proba de memoria e as 77 restantes, ao resto de aptitudes.
- F. Finalizado o tempo, as persoas aspirantes pecharán o caderno e porán a folla de respostas na esquina superior esquerda da mesa para a súa recollida.
- G. Finalizado o exame, as persoas aspirantes deberán permanecer nos seus asentos ata que o tribunal llelo indique.

Notas:

- Non se poderá abandonar a aula ata pasados 20 minutos dende o comezo do exercicio, nin tampouco nos últimos dez minutos antes do tempo sinalado para a súa finalización.
- Quen precise dun certificado de asistencia, deberá descargalo da web do Parlamento e solicitar que llo selen o día do exame.
- Deberase usar bolígrafo azul ou negro, tipo clásico, e evitar o uso de plumas, rotuladores ou tintas especiais.